

Ver as cualificacións alumnado

Consultar calificaciones

Moodle mostra no Libro de cualificacións as puntuacións que os alumnos obteñen nas actividades do curso.

Para acceder, ir ao **bloque de navegación** escoller **Cualificacións**, e verase o **Informe de Cualificacións**, de maneira que se mostra unha táboa na que cada fila corresponde a un alumno e cada columna a unha actividade excepto a última columna que presenta a cualificación total obtida polo alumno.

Tamén se chega ao informe a través do **bloque de administración >Axustes do libro de cualificación> Ver Informe do cualificador**.

[illegible]


Cada vez que se engade unha nova actividade cualificable no curso, o libro de cualificacións crea automaticamente unha nova columna para esta actividade, de xeito que se pulsamos sobre o nome enlazamos con esa actividade en concreto.

O libro de cualificacións pode ser personalizado e modificado polo profesor. Pódese "activar edición" na parte superior dereita da pantalla e desta maneira poderemos facer calquera cambio.

Como se pode observar na imaxe, aparecen unha serie de recadros que mostran as puntuacións que cada alumno obtivo nas actividades do curso. Podemos modificar directamente as notas sobre esta táboa, sen necesidade de ir á actividade en concreto, pero se facemos isto non poderemos cambiar posteriormente a nota dende a actividade avaliada.


Tamén podemos ocultar, bloquear ou excluír unha nota dun alumno ou unha actividade completa pulsando a icona da muesca.

De querer consultar outra informe de cualificacións, podémolo seleccionar na parte superior esquerda



Administración das cualificacións

Para xestionar ir a Administración do curso – Axustes do libro de cualificación



O que abrirá un submenú

